



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

### **FUNDAMENTO E NATUREZA**

#### **Artigo 1º**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e consonte ao que dispoñen os artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa de depuración de augas residuais, que se rexerá pola esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da mencionada Lei 39/1988.

### **FEITO IMPOÑIBLE**

#### **Artigo 2º**

1.- Constitúe o feito imponible da taxa

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros.
- b) A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

2.- A taxa non afecta os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo.

### **SUXEITO PASIVO**

#### **Artigo 3º**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, é dicir:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de conexión á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.
- b) Nos casos referidos no apartado 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario.

2.- En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais propietario destes inmobles que poderá repercutir no seu caso sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cotas pagas.



## **RESPONSABLES**

### **Artigo 4º**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

## **COTA TRIBUTARIA**

### **Artigo 5º**

1.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación dos servizos de depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

a) Uso doméstico: **0,188 €/m3**

b) Uso industrial: **0,329 €/m3**

c) Abonados de saneamento que non o sexan de abastecemento e que estean conectados á EDAR, colector ou calquera tubo de sumidoiro, aplicaranse mensualmente as seguintes cantidades fixadas:

i) Uso doméstico: **4,466 €/ab.mes**

ii) Uso industrial: **13,396 €/ab.mes**

d) Aquelas actividades económicas ou industriais que no seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para a medida do caudal vertido á rede, cuxa medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais. De mutuo acordo entre empresa e Servizo Municipal de Augas poderase realizar un aforo do caudal vertido para os efectos da facturación.

**0,329 €/m3**

2.- Dereitos de conexión de saneamento **34,68 €**

## **EXENCIÓNS**

### **Artigo 6º**

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exención desta taxa.



## **OBRIGA DE CONTRIBUÍR**

### **Artigo 7º**

1.- A obrigación de contribuír que orixina o cobro da Taxa, prodúcese cando comeza a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, é dicir:

- a) Desde a data de presentación da oportuna solicitude de licenza de conexión, se o suxeito pasivo a formula expresamente.
- b) Desde que teña lugar a efectiva conexión á rede de sumidoiros. O dereito ao cobro por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de conexión e sen prexuízo da iniciación de expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Os servizos de depuración teñen carácter obrigatorio para todos os inmobles do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o inmovible non exceda de 100 m e cobrase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

## **DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO**

### **Artigo 8º**

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte declararán a alta e a baixa no Censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da leira e o último día do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto desde a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación destas. A inclusión inicial no censo farase de oficio logo de concedida a licenza de conexión á rede.

2.- As cotas exixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

3.- No suposto de licenza de conexión, o contribuínte fará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, logo de concedida, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 13 de outubro de 2008

A ALCALDESA;  
Elisa Nogueira Méndez.